

# DECRETO

**Expediente núm.:** 2292/2026

**Resolución con número e data establecidos á marxe**

**Procedemento:** Subvencións Solicitadas a Outra Administración

**Asunto do Expediente:** GALICIA SUMA TALENTO RURAL ACTIVO 2026

## FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Vista a concesión da subvención CONCEDIDA A ESTE CONCELLO PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL ,PROGRAMA GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO. EXPTE TR351G-2026-59-02, informada polo Secretario municipal.

Vista a proposta de resolución PR/2026/2640 de 29 de abril de 2026.

P.D.Decreto de 21.06.2023- A 1ª Tenente de Alcalde

## RESOLUCIÓN

PRIMEIRO: Aprobar con carácter singular a competencia de aprobar as bases e convocatoria do URXENTE DE 5 PEONS DE MEDIO AMBIENTE, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL, NO MARCO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA A ESTE CONCELLO PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL).

SEGUNDO: APROBAR AS BASES DO PROCESO SELECTIVO URXENTE DE 5 PEONS DE MEDIO AMBIENTE, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL, Ó ABEIRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA A ESTE CONCELLO PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL ,PROGRAMA GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO. EXPTE TR351G-2026-59-02

### 1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA E NORMATIVA APLICABLE

É obxecto da convocatoria a contratación de dous traballadores / as desempregados con carácter temporal ( 9 meses a xornada completa) mediante a modalidade de contrato temporal vinculado a políticas activas de emprego. O amparo da subvención concedida a este concello pola Consellería de Xefa Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración médiante resolución da Directora Territorial de Lugo da citada consellería de data 22/04/2026.

A presente selección regularase polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas, polo establecido; no RD Lei 5/2015, de 30 de outubro, por el que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 2/2015, de 29 de abril, do



emprego público de Galicia, na Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto legislativo 781/1986, de 13 de xuño; na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia, no Real Decreto legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; Con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia; Real Decreto /decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables, así como na ORDE do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan subvencións PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL , PROGRAMA GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO. EXPTE TR351G-2026-59-02

1.1. FUNCÍONS. O persoal seleccionado realizará Traballos relacionados, maioritariamente, coa prevención de incendios nas faixas secundarias definidas pola Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, como son a planificación preventiva, a valorización forestal, a silvicultura, a limpeza de montes e a xestión da biomasa no termo no municipal do Concello de Monforte de Lemos. Así como calquera outras que resulten necesarias e axustadas a súas funcións que se lles poidan encomendar.

## 1.2 REMUNERACIÓN

| PEÓN MULTISERVIZOS |            |
|--------------------|------------|
| XORNADA            | 100%       |
| SOLDO              | 686,07 €   |
| CD                 | 381,57 €   |
| CE                 | 598,13 €   |
| PE                 | 277,63 €   |
| TOTAL              | 1.943,40 € |

## 2.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para ser admitidos neste proceso de selección as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:



- a) Deberán ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas e estaren dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego.
- b) As persoas traballadoras con contrato por tempo indefinido fixo discontinuo, inscritas como demandantes de emprego en calquera oficina de emprego de Galicia tamén poderán ser contratadas con cargo ás axudas previstas nesta orde, sempre que a súa contratación resulte posible en función da duración do contrato subvencionado e do contrato fixo discontinuo que teñan suscrito, así como da duración do período de non actividade.
- c) As persoas traballadoras que fosen contratadas no programa Aprod Rural (TR351G), por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2025 pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, no ámbito de colaboración coas entidades locais, non poderán ser contratadas con cargo ás axudas previstas nesta orde, agás que o fosen en concellos rurais de menos de 10.000 habitantes (padrón municipal de habitantes 2025. IGE).
- d) Ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 do EBEP.
- e) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. A condición de discapacitado/a e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación do organismo competente.
- f) Ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- g) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- h) Ser preseleccionado/a polo S.E.P.G.
- i) As persoas aspirantes que fixeran valer a súa condición de persoa con discapacidade deberán presentar certificado que acredite tal condición, que deberá ser efectuado polo Órgano competente nos termos desenvolvidos regulamentariamente, así como, certificado acreditativo da compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

### 3.- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN.



Os/as aspirantes preseleccionados polo SEPG serán convocados para a realización das probas do proceso selectivo mediante chamada telefónica o telefono que conste nos currículos remitidos.

Faranse dous intentos para tratar de localizar os/as aspirantes, dos cales se deixará debida constancia en dilixencia asinada polo/a funcionario/a encargado.

Na mencionada chamada informarase ó/a aspirante preseleccionado/a polo SEPG de que deben acudir ás dependencias municipais para recoller notificación persoal da convocatoria, no prazo indicado ó efecto, máximo os dous días hábiles seguintes a recibir a chamada.

Advírtese ós/as aspirantes que de non ser localizados telefonicamente, e ou, non acudir a recoller a notificación persoal as dependencias municipais, conlevará os prexuízos que poida depararlles, sen responsabilidade algunha ó efecto por parte deste Concello.

O tribunal realizará a proba os/as aspirantes, formulándolles cuestións relacionadas coas materias adxuntas.

O lugar, data e hora de inicio do exercicio publicarase no Taboleiro de Anuncios e na Páxina Web do Concello.

A puntuación máxima da oposición será de 100 puntos e consistirá na superación da proba que, a continuación, se relacionan durante un tempo máximo DUNHA hora:

**1º PROBA: PRIMEIRA PARTE ELIMINATORIA EXERCICIO TEÓRICO: Ata un máximo de 40 puntos:**

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 20 preguntas tipo test, con 4 respostas alternativas cada unha, que serán propostas polo tribunal e deberán mostrar o coñecemento dos contidos do temario que figura como anexo destas bases.

O resultado do exercicio virá determinado aplicando o criterio de que cada tres respostas incorrectas penalizará unha resposta correctamente respondida.

O tribunal excluírá a aquelas persoas aspirantes con exercicios nos que figuren marcas ou signos que permitan coñecer a súa identidade.

Esta parte cualificarase de 0 a 40 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 20 puntos para poder superala e que o Tribunal Cualificador poida corrixir a segunda parte do exercicio.

**O tribunal poderá acordar o número de respostas respondidas correctamente necesarias para acadar a dita puntuación mínima, cualificándose o resto proporcionalmente.**



As decisións e os acordos que afecten á cualificación e á valoración das probas (determinación do número de preguntas correctas para alcanzar á puntuación mínima, fixación de criterios de valoración, etc.) deberán adoptarse sen coñecer a identidade das persoas aspirantes ás que corresponden os resultados obtidos.

**SEGUNDA PARTE ELIMINATORIA EJERCICIO PRÁCTICO: Ata un máximo de 40 puntos:**

Consistirá na resolución dos supostos prácticos que o tribunal determine relacionados coas materias do programa que figura no Anexo e as funcións encomendadas á praza á que se opta. Valorarase, principalmente, a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos expostos, o coñecemento e adecuada explicación e aplicación da normativa aplicable, a sistemática na formulación, e a formulación de conclusións.

Este exercicio práctico, igualmente, poderá consistir, a decisión do Tribunal na contestación das preguntas que, por escrito, propoña o tribunal sobre supostos prácticos relacionados co Temario, podendo incluír varias respostas a cada unha das cuestións prácticas formuladas, ou debendo desenvolver o/a aspirante a resposta ás mesmas .

De ser o exercicio tipo test, a plantilla coas respostas correctoras deste exercicio farase pública na páxina web do proceso selectivo no prazo máximo de dous días contados desde a finalización da proba.

Esta parte cualificarase de 0 a 40 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 20 puntos para poder superala e que o Tribunal Cualificador poida corrixir a cuarta parte do exercicio

**O tribunal poderá acordar o número de respostas respondidas correctamente necesarias para acadar a dita puntuación mínima, cualificándose o resto proporcionalmente.**

No prazo de tres días hábiles a partir do seguinte á publicación da plantilla poderán presentarse alegacións a través do correo electrónico [rrhh@concellodemonforte.com](mailto:rrhh@concellodemonforte.com), que se entenderán contestadas mediante a publicación dos resultados definitivos do exercicio.

Na páxina web oficial do proceso selectivo atoparase o modelo normalizado para a presentación de alegacións que as persoas interesadas deberán de anexar no correo electrónico ([rrhh@concellodemonforte.com](mailto:rrhh@concellodemonforte.com)) dirixido ao Tribunal cualificador.

Non se admitirán alegacións fóra de prazo nin presentadas por calquera outro medio distinto do indicado.

Cando o Tribunal acorde que a lectura dos exercicios sexa realizada polas/os propias/os aspirantes, dita lectura será en sesión pública ante o tribunal no día e hora que se fixe, anunciándose no taboleiro de anuncios do Concello, podendo os/as membros do Tribunal



solicitar aclaracións ou comentarios sobre os exercicios nun tempo máximo de quince minutos. A non comparecencia do/a aspirante entenderase que desiste da convocatoria, determinando a eliminación da mesma.

### **TERCEIRA PARTE EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.**

O Tribunal valorará o nivel de coñecemento da lingua galega dos/as aspirantes, mediante unha proba que se cualificará como apto ou non apto. Porén, ás persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega con carácter previo (anexo I, 4 da Orde do 16 xullo 2007, DOG do 30 xullo 2007, CELGA 2 ou equivalente) daráselle por superada esta proba coa cualificación de apto.

**As persoas aspirantes que superen as tres primeiras partes do primeiro exercicio, serán convocadas para o encontro curricular mediante publicación do correspondente anuncio na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello de Monforte de Lemos.**

**CUARTA PARTE : Acreditación das circunstancias e aptitudes curriculares. Ata un máximo de 20 puntos.:**

Consistirá en preguntas ó/a aspirante sobre a súa experiencia profesional e sobre o coñecemento e contidos das funcións a desenvolver na praza convocada, da organización e normativa municipal do Concello de Monforte de Lemos e das aptitudes e actitudes con respecto ós postos de traballo ofertados. Valorarase a corrección e a claridade na exposición de ideas, a comprensión dos coñecementos e a capacidade de expresión.

**Puntuación máxima da oposición: 100 puntos.**

A/s plantilla/s coas respostas correctoras deste exercicio farase pública na páxina web do proceso selectivo no prazo máximo de dous días contados desde a finalización da proba as persoas aspirantes poderán realizar as alegacións que consideren oportunas.

Rematada a fase de oposición, o Tribunal publicará no Taboleiro de Anuncios e na Páxina Web do Concello de Monforte de Lemos, a relación de aspirantes aprobados/as, coa indicación da puntuación final obtida, conforme ao estipulado nas bases reguladoras do proceso selectivo.

TEMARIO.

Tema 1. Parques e xardíns municipais.

Tema 2. Aparello vexetativo das plantas: partes e función.

Tema 3. Características físicas e químicas do chan. Clases de terras empregadas en xardinería.



Tema 4. Mantemento do chan. Abonado.

Tema 5. Recoñecemento de especies.

Tema 6. Principais pragas e enfermidades no xardín. Métodos de loita.

Tema 7. O céspede: especies utilizadas en xardinería, plantación e/o sementa, labores de mantemento, tipos e características.

Tema 8. A plantación de árbores, arbustos e sebes. Concepto xerais sobre poda de árbores.

Tema 9. Mantemento e manexo de maquinaria de xardinería.

Tema 10. A prevención de riscos laborais nivel básico

**No caso de empate terán preferencia as persoas que teñan prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción laboral e, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral, tales como:**

a) Persoas desempregadas que participasen en obradoiros de emprego; programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD), relacionadas co eido forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandaría e xardinaría.

b) Persoas integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.

c) Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero, de trata de seres humanos ou de explotación sexual.

d) Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.

e) Persoas paradas de longa duración.

f) Persoas con discapacidade.

g) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.

h) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.

i) Persoas trans.

j) Persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España.



Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendendo por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

#### 4.- TRIBUNAL

O Órgano de Selección valorará as probas do proceso selectivo. A súa composición será colexiada e deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e tenderá, así mesmo, á paridade entre muller e home.

O órgano de selección estará composto polo presidente/a, o secretario/a e catro vogais así como os respectivos suplentes, será nomeado por resolución da Alcaldía.

Todos os membros do órgano de selección deberán posuír un nivel de titulación igual ou superior a ensinanza secundaria obrigatoria e ser persoal laboral fixo ou funcionario de carreira ó servizo da Administración Local ou Autonómica.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo exercerse esta en representación ou por conta de ninguén.

A Presidencia coordinará a realización das probas e do proceso selectivo e dirimirá os posibles empates nas votacións co seu voto de calidade.

Para a válida constitución do Órgano de Selección requirirase a presenza do Presidente e o Secretario ou, se é o caso, de quen os substitúa, e da metade, polo menos, dos seus vogais, titulares ou suplentes, indistintamente. O Tribunal poderá aos efectos de axilizar o procedemento de selección, establecer diversas comisións, para realizar a entrevista. Corresponderalle dilucidar as cuestións expostas durante o desenvolvemento do proceso selectivo, velar polo seu bo desenvolvemento, cualificar as probas establecidas e resolverá cantas incidencias se presenten ou xurdan da aplicación das presentes bases.

O órgano de selección, poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para todas ou algunhas das probas, asesorando ao órgano de selección exclusivamente no exercicio da súa especialidade técnica, actuando con voz e sen voto.

Os membros do órgano de selección deberán de absterse cando concorran as circunstancias previstas na Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico das administracións públicas.

Os aspirantes poderán recusalos cando concorran algunhas de ditas circunstancias ou cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso á función pública nos cinco anos anteriores á convocatoria, de conformidade co disposto na citada lei.



As presentes bases interpretaranse no sentido finalista que mellor garanta a preservación dos principios de igualdade, mérito e capacidade.

Contra os actos e decisións do órgano de selección, poderase interpor polo/a interesado/a recurso de alzada contra o Alcalde-Presidente, sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se estime oportuno.

Abstención e Recusación.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles circunstancias das previstas no art. 23 da Lei 40/2015 do 1 de outubro de Réxime xurídico do Sector Público, ou tivesen realizado tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria.

O presidente poderá esixir dos membros do tribunal declaración expresa de non estar incurso nas circunstancias establecidas no citado artigo.

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran ditas circunstancias, segundo o disposto no art. 24 desta lei. Actuación do Tribunal.

O Tribunal constituirase na data que designe o Sr. Alcalde, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos seus membros titulares ou suplentes, con presenza, en todo caso, do Presidente e do Secretario.

Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.

A partires da sesión de constitución, o Tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ao disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento Administrativo común das Administracións Públicas e ás bases xerais e específicas reguladoras da correspondente convocatoria.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan a carón da aplicación das normas contidas nestas bases xerais e nas específicas, e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a realización das probas, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde naquelas en todo o que non estea previsto nas bases.

En caso de ausencia do Presidente titular e do Presidente suplente, actuará no seu lugar o vogal designado en primeira orde.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento Administrativo común das Administracións Públicas.



O tribunal poderá dispoñer a incorporación ós seus traballos de asesores especialistas para as probas correspondentes dos exercicios que estimen pertinentes, limitándose os ditos asesores unicamente a presta a súa colaboración nas súas especialidades técnicas, con voz pero sen voto.

## 5. PROPOSTA DE CONTRATACIÓN.

Visto os resultado do exercicio da fase de oposición, o tribunal formulará proposta de contratación, sen que esta poda superar o número de postos convocados, das persoas coa maior puntuación, remitindo dita proposta a alcaldía.

A contratación será efectuada polo Sr. Alcalde asinándose o correspondente contrato laboral.

A relación dos candidatos que serán contratados se cumpren o previsto na base seguinte, asinada pola Alcaldía, será publicada no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal (<http://www.monfortedelemos.es/>).

Os restantes candidatos, pola orde decrecente da puntuación obtida, poderán ser contratados no caso de que o seleccionado cese no seu posto de traballo antes do remate do contrato e polo tempo que reste para o cumprimento do mesmo.

Igualmente poderá formarse, se a Corporación o estima conveniente, unha bolsa de aspirantes para ser contratados en futuros programas se resultan preseleccionados.

## 6.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN/ RESOLUCIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

As persoas aspirantes que resulten seleccionados e propostas polo Tribunal deberán presentar como máximo nun prazo de cinco días hábiles seguintes ó da publicación da proposta de contratación os documentos acreditativos de reunir os requisitos da convocatoria. A xustificación das condicións dos aspirantes acreditarase coa seguinte documentación:

- 1.Fotocopia compulsada do DNI ou NIE en vigor e da tarxeta da Seguridade Social.
- 2.Tarxeta de demandante de emprego.
- 3.Certificado de conta bancaria.
- 4.Declaración xurada de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado por sentenza xudicial firme, nin estar incurso en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade para a función pública de conformidade coa lexislación vixente.
- 5.Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o desempeño das tarefas propias da praza.



6. Declaración xurada de continuar inscritos/as no Servizo Público de Emprego de Galicia (S.E.P.G) como persoas demandantes non ocupadas dispoñibles no momento de proceder á firma do contrato. Comprobado que reúnen os requisitos esixidos para o contrato, o Sr. Alcalde-Presidente ditará decreto resolvendo a contratación e formalizará cos seleccionados o correspondente contrato laboral temporal, segundo o previsto na lexislación laboral aplicable .

7.- Declaración xurada de non ter sido contratados, no programa Aprol Rural (TR351G), por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2025 pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, no ámbito de colaboración coas entidades locais, non poderán ser contratadas con cargo ás axudas previstas nesta orde, agás que o fosen en concellos rurais de menos de 10.000 habitantes (padrón municipal de habitantes 2025. IG.

#### 7.- NORMATIVA E IMPUGNACIÓN.

No non sinalado nas presentes Bases de selección estarase ó previsto na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local e demais normas que resulten de aplicación, estándose ós órganos competentes da Xurisdición Contencioso-administrativa para dirimir as controversias que poidan producirse na aplicación destas bases. Contra as presentes bases, sendo que o seu acordo aprobatorio é definitivo en vía administrativa, poderase interpoñer polos interesados/as lexitimados/as os seguintes recursos:

Con carácter potestativo recuso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto recorrido en prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da publicación das bases no taboleiro de anuncios. Se transcorrera un mes dende o día seguinte ó da interposición do recurso de reposición sen que este fora resolto, poderán entenderse que foi desestimado e interpoñer recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso-administrativo no prazo de seis meses.

Recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso administrativo de Lugo dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da publicación das bases no taboleiro de anuncios.

Contra cantos actos administrativos se deriven das bases e da actuación do Tribunal, poderán ser interpostos polos interesados os oportunos recursos nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015 de 1 de outubro e da lexislación correspondente.

TERCEIRO Publicar as bases integras no Taboleiro de Anuncios e páxina web do Concello.

CUARTO.- Solicitar o servizo de emprego a oferta de emprego prevista nas bases, e convocar ás persoas preseleccionadas polo SEPG para o próximo día 13 de maio no Edificio Multiusos, sito en Ronda María Emilia Casas Baamonde, s/n ás 10:00 horas.

### DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

